

**BASES QUE REXERÁN NA OFERTA PÚBLICA DE ALLEAMENTO DE PARCELAS DE SOLO EMPRESARIAL PROPIEDAD DE XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR,S.A., MEDIANTE ADXUDICACIÓN DIRECTA, POR TER QUEDADO VACANTES NO ÚLTIMO CONCURSO DE VENDAS CONVOCADO POLO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN EN DATA 23.06.22
(PARCELAS VACANTES NOS PARQUES EMPRESARIAIS DE AS GÁNDARAS, A SIONLLA, CARBALLO, PEREIRO DE AGUIAR E ARTEIXO)**

INDICE

I.- CONDICIONS XERAIS

- 1.- OBXECTO DA ADXUDICACIÓN
- 2.- PUBLICIDADE DA OFERTA PUBLICA DE VENDA DE PARCELAS DE SOLO EMPRESARIAL
- 3.- NORMATIVA APLICABLE

II.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

- 1.- CONDICIONS PARA A ADMISIÓN DA SOLICITUDE DE ADXUDICACIÓN
- 2.- REGRAS ESPECIAIS
 - 2.1.- Regras especiais para os casos en que o solicitante xa sexa titular doutras parcelas no mesmo parque empresarial e non tiveran edificado as mesmas
 - 2.2.- solicitudes de parcelas destinadas á construción de edificacións para o aluguer destas a terceiros
 - 2.3.- Solicitudes de parcelas para actividades compatibles cos usos de solo rústico ou para actividades complementarias das puramente industriais, empresariais ou comerciais
 - 2.4.- Regras especiais para solicitudes de compra de parcelas sen bonificación de prezo e con aprazamento do mesmo
- 3.- PREZO
- 4.- FIANZA
- 5.- PRESENTACION DE SOLICITUDES
- 6.- TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES
- 7.- ADXUDICACIÓN
 - 7.1.- CRITERIOS XERAIS DE ADXUDICACIÓN
 - 7.2.- SUPOSTOS EXCEPCIONAIS DE ADXUDICACIÓN DIRECTA
 - 7.2.1.- PROXECTOS EMPRESARIAIS SINGULARES
 - 7.2.2.- DEREITO DE ADQUISICION PREFERENTE CONVENCIONAL A FAVOR DOS DONOS DE PARCELAS DE SOLO EMPRESARIAL LINDEIRAS CON PARCELAS PROPIEDAD DE XESTUR
 - 7.3.- REGRAS ESPECIAS DE ADXUDICACIÓN
- 8.- FORMA DE PAGO
- 9.- OBRIGAS DAS PERSOAS ADXUDICATARIAS E GARANTIAS PARA O SEU CUMPRIMENTO



- A) Obrigas do comprador
- B) Garantías para o cumprimento das obrigas do comprador

III.- ADXUDICACIÓN DE DEREITO DE SUPERFICIE SOBRE AS PARCELAS OBXECTO DA PRESENTE OFERTA PÚBLICA ALLEAMENTO

IV.- INTRODUCCIÓN DE MODIFICACIÓNS E ADAPTACIÓNS NOS CADROS DE PARCELAS OBXECTO DE ALLEAMENTO

I.- CONDICIÓN XERAIS

1.- OBXECTO DA ADXUDICACIÓN

- As parcelas obxecto da presente oferta pública de alleamento son as que se inclúen no cadro de prezos, que se incorpora ás presentes bases como **ANEXO II. Estes prezos inclúen unha bonificación na contía que se establece nestas bases**, como incentivo para o acceso de solo empresarial do que Xestur, S.A. é titular, co fin de promover a implantación de actividade no mesmo, de conformidade co establecido no art. 14 da Lei 5/2017, do 19 de outubro de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, conforme ao cal a sociedade Xestión do Solo de Galicia - Xestur, S.A. poderá aprobar programas de incentivos para o acceso ao solo da súa titularidade, incluíndo bonificacións no prezo de venda, adxudicación en dereito de superficie con opción de compra ou dereitos de adquisición preferente a favor das persoas titulares das parcelas lindantes que permitan a consolidación dunha implantación empresarial xa existente. Estes programas deberán respectar os límites establecidos pola lexislación mercantil, debendo quedar garantida a viabilidade económica da sociedade.

Ademais, os prezos bonificados terán unha vixencia limitada no tempo, ata o **30 de novembro de 2022**, aplicándose a bonificación ás solicitudes de adxudicación presentadas ata esa data, a partir da cal rexerán os prezos anteriores ao último concurso. Non obstante, o Consello de Administración, mediante acordo motivado, poderá deixar sen efecto a bonificación de prezos con anterioridade á data antes referida.

-Ademais, nas presentes bases de alleamento está prevista a **solicitud de parcelas sen bonificación de prezo e con pago aprazado**, nas condicións que se especifican no apartado II.2.4 do presente prego de bases.

- Para o caso que se presenten solicitudes de compra de parcelas en parques empresariais nos que sexa necesario executar obras de urbanización, o Consello de Administración de Xestur, S.A., valorará a superficie solicitada, o importe da oferta así como a entidade e características das obras de urbanización que deben executarse para cumprir coas esixencias urbanísticas que resulten de aplicación e o custo económico das mesmas, podendo rexeitar aquelas solicitudes de compra nas que os custos de urbanización impliquen unha carga económica para Xestur, S.A. que desaconsellen a operación dende o punto de vista económico-financeiro.

- A venda das parcelas antes referidas ten o carácter de venda con publicidade, aberta e incondicional, que se adxudicará á oferta máis vantaxosa, de conformidade co previsto nos criterios de preferencia incluídos nas presentes bases.

- Poderá solicitarse a compra de parcelas tal como están configuradas no parcelario correspondente, ou ben parcelas cunha superficie e configuración diferente, que puideran resultar, no seu caso, da segregación das parcelas previstas na parcelación.

- No caso de que a solicitude de compra da parcela ou parcelas, implique a segregación doutra parcela, o órgano de dirección da sociedade decidirá discrecionalmente sobre as solicitudes, tendo en conta razóns de conveniencia ou oportunidade, dentro da propia estratexia da empresa tanto no aspecto comercial como de xestión do parque de que se trate. En todo caso, só se autorizarán vendas de parcelas que implican segregación ou división, cando a parcela ou parcelas resultantes, cumplan coa normativa urbanística correspondente, e



sempre que o resto de finca matriz non resulte inadecuada por razóns de estratexia comercial ou polo propio deseño dese resto de parcela, ou por razóns de oportunidade ou conveniencia que estime o órgano de dirección de Xestur, S.A., ao seu prudente arbitrio.

2.- PUBLICIDADE DA OFERTA PÚBLICA DE VENDA DE PARCELAS DE SOLO EMPRESARIAL

A oferta pública de venda para a adxudicación de parcelas de solo empresarial que quedaran vacantes no último concurso de vendas, xunto coas condicións de adxudicación das mesmas, publicarase na páxina web da sociedade durante todo o prazo de vixencia da devandita oferta (ata o 30 de novembro de 2022). Poderán presentarse solicitudes de adxudicación dende o día seguinte á devandita publicación ata a finalización do prazo de vixencia da oferta.

3.- NORMATIVA APLICABLE

A adxudicación rexerase polo previsto nas presentes bases, sendo de aplicación, con carácter supletorio, a restante normativa civil, mercantil ou administrativa que lle sexa aplicable.

En especial, será de aplicación o previsto nos artigos 14 a 18 da Lei 5/2017, de 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, no relativo ás normas de acceso ao solo empresarial que resulten de aplicación.

II.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

1.- CONDICIÓN DE ADMISIÓN DA SOLICITUDE DE ADXUDICACIÓN

Poderá ser adxudicatario calquera persoa física ou xurídica. Xunto coa solicitude de adxudicación, segundo o modelo do **ANEXO I** destas bases, deberá acompañar a seguinte documentación:

1. Copia do documento ou documentos que acrediten a personalidade do solicitante. Se este fora persoa física, presentará fotocopia do DNI; se fora persoa xurídica, presentará copia da escritura de constitución, coas súas modificacións, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, estatutos da sociedade, e copia da tarxeta de identificación fiscal. Poderase formalizar a compravenda a nome do solicitante ou sociedade mercantil na que participe cunha porcentaxe no capital social superior ó 51%. Asemade, poderase formalizar a compravenda a nome dunha sociedade patrimonial ou inversora, sempre que ésta acredite a súa relación coa entidade solicitante, que deberá incluír o compromiso de cesión a esta do uso do inmovible obxecto da compravenda, como mínimo polo prazo en que debe manterse a actividade conforme a este prego de bases.

Neste caso, a solicitude deberá ser cumprimentada e firmada pola entidade que vaia a ser titular da propiedade da parcela, xustificando a súa vinculación coa entidade titular da actividade a desenvolver, xa sexa esta unha vinculación patrimonial, financeira ou inversora, e presentando o compromiso de cesión antes referido. A entidade titular da actividade a desenvolver, terá que presentar o proxecto empresarial correspondente a desenvolver na parcela.

2. No caso de que o solicitante sexa unha sociedade, presentará Contas de Perdas e Ganancias e Balance aprobados correspondentes ao derradeiro exercicio económico. No caso de persoa física, a certificación emitida pola Axencia Tributaria respecto da última declaración do IRPE.



3. En tódolos casos, copia da alta no IAE, se procedese.
4. Dirección a efectos de notificación.
5. Deberá presentar, no seu caso, acreditación de haber solicitado calquera axuda ante o IGAPE o calquera outro organismo.
6. Memoria sobre o proxecto empresarial que o solicitante pretende implantar na parcela, especificando de xeito concreto a actividade á que pretende desenvolver na mesma. Se o solicitante é unha sociedade mercantil, na memoria deberase xustificar a idoneidade do obxecto social da entidade solicitante, conforme aos estatutos sociais, para o desenvolvemento da actividade que se pretende implantar. A memoria deberá de incluír un análise do proxecto empresarial a implantar no que se indique o investimento a realizar e a creación de postos de traballo directos nun período máximo de 3 anos tras a edificación da parcela. Se deberá aportar un plan de etapas vinculante para o empresario no que se detalle a execución dentro dos prazos previstos no proxecto empresarial. Na memoria deberá incluírse o compromiso do solicitante de manter a actividade que se pretende implantar na parcela por un prazo de DEZ ANOS, como mínimo.
A Memoria, ademais, deberá xustificar especificamente a necesidade de solo que require a actividade a implantar na parcela/s.
A solicitude de parcelas deberá ser congruente coa necesidade de solo xustificada na Memoria.
7. Declaración responsable do solicitante na que se especifique, no seu caso, si é titular de parcelas no mesmo parque empresarial no que se solicita a parcela que estiveran pendentes de edificar e de implantar actividade. Para o caso de que aínda non teña concluído o prazo para edificar as devanditas parcelas, o solicitante deberá xustificar adecuadamente as novas necesidades de solo. Asemade, na citada declaración responsable deberá constar que o solicitante non ten participación, xa sexa directa ou a través doutras sociedades, noutras entidades que tiveran adquirido parcelas no mesmo parque e que estean pendentes de edificar e implantar actividade.
8. Copia do resgardo bancario que acredite a constitución da fianza á que se refire o apartado II.4 destas bases

2.- REGRAS ESPECIAIS

2.1.- REGRAS ESPECIAIS PARA OS CASOS EN QUE O SOLICITANTE XA SEXA TITULAR DOUTRAS PARCELAS NO MESMO PARQUE EMPRESARIAL E NON TIVERAN EDIFICADO AS MESMAS

Naqueles casos en que os solicitantes de parcelas tiveran adquirido con anterioridade outras parcelas no mesmo parque empresarial, ou dereitos de superficie sobre aquelas, e non tiveran edificado ou implantado actividade nas mesmas nos prazos previstos na escritura, o Órgano de Dirección de Xestur desestimarán a súa solicitude de adxudicación. Igualmente, será desestimada a súa solicitude no caso de que o solicitante teña participación, xa sexa directa ou a través doutras sociedades, noutras entidades que tiveran adquirido parcelas ou dereitos de superficie no mesmo parque e que se atopen na mesma situación.

Para o caso de que aínda non teñan concluído o prazo para edificar e implantar actividade nas parcelas adquiridas con anterioridade polo solicitante no mesmo parque, o petionario deberá xustificar adecuadamente as novas necesidades de solo. No caso de que non acredite suficientemente tales necesidades, o Órgano de Dirección de Xestur, S.A. poderá desestimar a súa solicitude. Asemade, poderase desestimar a súa solicitude si o petionario ten participación, xa sexa directa ou a través doutras sociedades, noutras entidades que tiveran



adquirido parcelas ou dereitos de superficie no mesmo parque e que estean pendentes de edificar e implantar actividade, aínda que non teñan concluído os prazos para elo, salvo que xustifique suficientemente as novas necesidades de solo.

2.2.- SOLICITUDES DE PARCELAS DESTINADAS Á CONSTRUCCIÓN DE EDIFICACIÓNS PARA O ALUGUER DESTAS A TERCEIROS

A adxudicación de parcelas destinadas na súa totalidade á construción de edificacións cuxo obxecto sexa o aluguer de ditas edificacións a terceiros só poderá efectuarse mediante concurso público de alleamento, sen que as solicitudes de parcelas destinadas a este fin poidan ser obxecto de adxudicación directa. En consecuencia, non se poderán presentar solicitudes para esta finalidade durante a presente oferta pública de venda, ao tratarse de adxudicacións directas.

2.3.- SOLICITUDES DE PARCELAS PARA ACTIVIDADES COMPATIBLES COS USOS DE SOLO RÚSTICO OU PARA PARA ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DAS PURAMENTE INDUSTRIAIS, EMPRESARIAIS OU COMERCIAIS

O Órgano de Dirección de Xestur, S.A. poderá rexeitar discrecionalmente as solicitudes de adxudicación, cando na parcela solicitada se pretenda a instalación de actividades compatibles cos usos de solo rústico ou cando se pretenda establecer dotacións ou servizos para actividades complementarias das puramente industriais, empresariais ou comerciais.

2.4.- REGRAS ESPECIAIS PARA SOLICITUDES DE COMPRA DE PARCELAS SEN BONIFICACIÓN DE PREZO E CON APRAZAMENTO DO MESMO

Os peticionarios poderán solicitar a adxudicación de parcelas sen prezo bonificado e con aprazamento de pago de parte do prezo de venda, en cuxo caso aplicaranse as seguintes regras:

- **O prezo de venda** da parcela será o que corresponda ao prezo da mesma nas táboas de venda de Xestur, S.A. para o presente concurso de alleamento, pero sen a bonificación prevista nas mesmas.
- **Forma de pago:**

-O adxudicatario de parcelas con esta modalidade de adxudicación, deberá formalizar a escritura de compravenda e **pagar o 20% do prezo da parcela sen bonificar**, así como a totalidade do IVE da compravenda, no prazo máximo de **TRES MESES** dende que se lle sexa notificada a adxudicación. Xestur, S.A. comunicarlle ao adxudicatario a data e a notaría na debe comparecer para a devandita formalización. O **pago do 80% do prezo restante** deberá abonalo no prazo máximo de **OITO ANOS**, contados dende a formalización da escritura de compravenda, **sen repercusión de xuros durante os primeiros catro anos**, e con **pagos mensuais do prezo aprazado, que poderán ter un período de carencia de un ano**. Estes pagos parciais do prezo deberán facerse efectivos nos 10 días naturais seguintes ao vencemento de cada mensualidade contada dende a firma da escritura de compravenda, efectuándose dito pago mediante pagarés. Todo elo, **sen prexuízo de que o comprador poida pagar anticipadamente todo ou parte do prezo aprazado**.



-O principal abonarase mensualmente, e para elo serán emitidos á sinatura da escritura os pagarés mensuais que correspondan.

-A financiación do pago aprazado devengará os xuros aplicados conforme ao índice estatístico do Banco de España de tipos de interese (TEDR) aplicados polas institucións financeiras monetarias a residentes na UEM segundo o crédito que por cantidade e tempo corresponda.

-Os xuros aplicados á financiación do pago aprazado serán liquidados anualmente por Xestur a partir do ano 5º.

- Unha vez vencido o prazo de carencia de xuros ou o prazo para o pagamento do prezo aprazado, en calquera dos prazos antes sinalados, a cantidade adebedada polo comprador devengará xuros ao tipo de xuro antes indicado.
- O pago do **prezo aprazado** quedará **garantido con condición resolutoria**, de xeito que en caso de impago do mesmo nos prazos previstos, Xestur, S.A. poderá resolver a compravenda. En caso de resolución, Xestur, S.A. reterá o **20% do prezo abonado** inicialmente en concepto de **cláusula penal**.

3.- PREZO

Os prezos que figuran nos cadros que se incorporan como **ANEXO II** ás bases, e que serán obxecto de publicidade na páxina web de Xestur, S.A., teñen carácter de **prezos mínimos**, de maneira que non se adjudicará ningunha parcela por un prezo inferior. **Estes prezos inclúen a bonificación que se indica nas presentes bases. Non obstante, o licitador poderá solicitar parcelas con prezo sen bonificación e con aprazamento de parte do mesmo, na forma establecida no apartado II.2.4 das presentes bases.**

Estes prezos non inclúen o IVE que corresponda, que será engadido no intre de efectuar a venda.

O importe do alleamento, no momento de asinar o contrato de compravenda, realizarase en concepto de "corpo certo", polo que non caberá reclamación algunha en razón de diferenza de superficie ou posibles variacións de volume edificable, nin como consecuencia das condicións xeolóxicas, topográficas ou outras similares da parcela.

4.- FIANZA

O solicitante deberá facer un depósito do **5%** do importe de saída da parcela (IVE non engadido), en concepto de fianza, mediante aval ou ingreso en metálico na conta que Xestión do Solo de Galicia - Xestur, S.A. mantén aberta na **Entidade ABANCA co nº ES28 2080 0388 2430 4000 1089**, que deberá ser efectuada con anterioridade á solicitude da parcela. A tal fin, aportarase coa solicitude, copia do resgardo bancario que acredite a constitución da devandita fianza.

No caso de solicitantes de parcelas sen bonificación de prezo e con aprazamento do mesmo ou ao contado, o 5% de fianza que debe depositar o solicitante calcularase sobre o prezo da parcela sen bonificar.

Si o solicitante non resultara adxudicatario da parcela solicitada, devolveráselle a fianza mediante ingreso na conta bancaria indicada na certificación bancaria que deberá acompañar coa solicitude de petición de parcelas.

Se o solicitante resultase adxudicatario da parcela solicitada, devolveráselle o importe da fianza no momento de asinar a escritura pública de compravenda das parcelas adxudicadas.

En caso de renuncia do solicitante á parcela adxudicada, perderá a fianza depositada.

A escritura de compravenda deberá formalizarse no prazo máximo de **TRES MESES** dende a notificación da adxudicación.

O prazo de **TRES MESES** para formalizar a escritura de compravenda das parcelas e pagar o prezo, poderá ser prorrogado por acordo da Comisión Executiva Permanente de Xestur, S.A., a petición do solicitante, cando este acredite suficientemente a repercusión na súa actividade empresarial da crise sanitaria derivada da COVID 19 ou doutras circunstancias excepcionais.

Nos casos en que estivese pendente unha operación rexistral de división material ou segregación que afecte á parcela ou parcelas adxudicadas, Xestur, S.A., a partir da inscrición no Rexistro da Propiedade da división material ou segregación, convocará ós adxudicatarios das parcelas, no prazo de UN MES, a contar dende a inscrición, para outorgar a escritura pública de venda.

No caso en que o adxudicatario non formalizase a escritura pública de venda cando fose convocado para elo por Xestur, S.A., perderá a totalidade da fianza depositada, en concepto de penalización, considerándose que o adxudicatario renuncia á parcela adxudicada, e podendo procederse por Xestión do Solo de Galicia - Xestur, S.A. ó alleamento da mesma.

Nos casos en que o adxudicatario acreditara haber solicitado axuda ante o IGAPE ou calquera outro organismo, terá o prazo de 3 meses, a contar dende que se lle notifique a adxudicación, para a formalización da escritura pública de venda. No suposto de que non se puidese formalizar nese prazo, por non haber obtido a axuda, por causa non imputable ó adxudicatario procederase previa solicitude deste a devolverlle a fianza depositada. Non obstante, e previa solicitude do adxudicatario, o Órgano de Dirección de Xestur, S.A. poderá prorrogar este prazo cando considere motivadamente que existe causa para iso. Todo elo, sen prexuízo das prórrogas que puideran concederse ao adxudicatario a causa da crise sanitaria derivada da COVID 19 ou por outras circunstancias, ás que se fixo referencia anteriormente.

5.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes poderán presentarse en man e rexistrarse no enderezo social de Xestión do Solo de Galicia - Xestur, S.A, xa na súa sede central, xa en calquera das oficinas das súas Unidades Territoriais Norte e Sur, sitas nos enderezos que se indican a continuación, a partir do día seguinte da publicación das presentes bases na páxina web de Xestur, S.A e antes das 14:00 horas do 30 de novembro de 2022:

1. Sede Central: Polígono de Fontiñas. Área Central. 1º Andar, Local 25-Z. CP 15707. Santiago de Compostela.
2. Unidade Territorial Norte:
 - Oficina de A Coruña: Ronda de Nelle, 12bis – 1º. CP 15205. A Coruña.
 - Oficina de Lugo: Avda. Ramón Ferreiro, 28 – 1º. CP 27002. Lugo

3.- Unidade Territorial Sur:



- Oficina de Pontevedra: Pza. Maruja Mallo, 1. CP 36206. Vigo
- Oficina de Ourense: R/ Valente Docasar, 2. CP 32003. Ourense

As solicitudes tamén poderán presentarse por correo electrónico ás seguintes direccións de correo electrónico: unidade.norte@xesturgalicia.com (provincias A Coruña e Lugo); unidade.sur@xesturgalicia.com (provincias Ourense e Pontevedra), acompañando á mesma copia escaneada da correspondente documentación.

Cando as solicitudes se remitan por correo postal deberá xustificarse a data de imposición do envío na oficina de correos e no mesmo día comunicarse a Xestur, S.A. mediante fax (ao número de fax 981 541985), telegrama ou correo electrónico (á seguinte dirección de correo electrónico: unidade.central@xesturgalicia.com). Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación si se recibe en Xestur con posterioridade á data límite fixada para a presentación das solicitudes. En todo caso, transcorridos os cinco días seguintes a dita data sen terse recibido a documentación, esta tampouco será admitida.

A presentación da solicitude implica a aceptación incondicionada por parte do licitador, do contido deste prego.

6.- TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

Una vez analizada a documentación presentada, darase traslado da mesma ao Órgano de Dirección de Xestur, S.A., para que por este órgano se proceda a adxudicación da parcela/s solicitada/s, se procedera.

7.- ADXUDICACIÓN

7.1.- CRITERIOS XERAIS DE ADXUDICACIÓN

a) Adxudicación de parcelas que quedaron vacantes no anterior concurso de vendas.-Para o caso de que se presenten varias solicitudes de adxudicación directa sobre unha mesma parcela, terá preferencia o solicitante que primeiro ingrese a fianza correspondente, dende que se abra o prazo para presentar as solicitudes de adxudicación directa sobre as parcelas que quedaron vacantes no concurso de vendas, salvo os casos excepcionais de adxudicación directa previstos no apartado seguinte (7.2) das presentes bases, que terán preferencia mentres non se adxudique a parcela polo Órgano de Dirección de Xestur, S.A. a outro solicitante que teña ingresado a fianza correspondente.

b) Comunicación e publicidade da adxudicación.- A adxudicación será comunicada por correo certificado ou burofax ós que resulten seleccionados, e publicarse na páxina web de Xestur, S.A.

7.2.- SUPOSTOS EXCEPCIONAIS DE ADXUDICACIÓN DIRECTA

Co fin de harmonizar o réxime de alleamento de parcelas de solo empresarial propiedade de Xestur, S.A. co previsto para o alleamento de parcelas de solo empresarial propiedade do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), incorpóranse a este prego os supostos excepcionais de adxudicación directa previstos na normativa de solo empresarial do IGVS (Decreto 63/2015, de 23 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do solo empresarial xestionado polo Instituto Galego de Vivenda e Solo) e nos seus propios pregos de bases que regulan o alleamento de parcelas.

Asemade, tamén se incorporan os supostos de adxudicación directa previstos na Lei 5/2017, de 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia

En consecuencia, si durante a vixencia da presente oferta pública de venda mediante adxudicación directa de parcelas que quedaron vacantes despois da resolución do último concurso de vendas, se presentaran sobre unha mesma parcela unha solicitude de adxudicación directa sen preferencia especial, na que o solicitante ingresara a fianza correspondente, e antes da adxudicación da devandita parcela polo Órgano de Dirección de Xestur se presentase unha solicitude de adxudicación directa sobre a mesma parcela, que se corresponda con algún dos supostos excepcionais de adxudicación directa que se enumeran neste apartado, e esta solicitude fose estimada polos órganos de dirección de Xestur, S.A. por concorrer os requisitos necesarios para a devandita adxudicación directa, terá preferencia esta sobre aquela.

A adxudicación directa de parcelas de solo empresarial poderase efectuar cando concorran calquera dos seguintes supostos:

- a)** Que as parcelas proveñan de operacións de permuta de solo.
- b)** Que as parcelas foran reservadas para proxectos empresariais singulares, de conformidade co previsto no apartado 7.2.1 destas bases.
- c)** Que as parcelas se adxudiquen a favor de o IGVS ou outros Organismos ou entidades públicas, así como a favor de fundacións públicas autonómicas ou a empresas nas que o IGVS, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou algunha outra entidade do seu sector público autonómico participe no seu capital.
- d)** Que as parcelas foran reservadas polo procedemento establecido no Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial.
- e)** Que as parcelas proveñan de compromisos recollidos en escritura pública no momento de compravenda de parcelas de fases ou polígonos anteriores, as cales son necesarias para expansión do adxudicatario/a destas.
- f)** Que as parcelas obxecto de adxudicación sexan colindantes con outras propiedades do adxudicatario, e que sexan necesarias para a expansión da súa actividade empresarial. Neste caso o solicitante deberá acreditar suficientemente a súa necesidade de expansión, para o que deberá presentar, alomenos, un proxecto no que se describa a ampliación proxectada, ademais doutras probas que estime convenientes e que acrediten a súa necesidade de ampliación. Para o caso de que as parcelas solicitadas estean situadas nunha fase ou polígono pendente de urbanizar, o Órgano de Dirección de Xestur, S.A., valorará a superficie solicitada, o importe da oferta así como a entidade e características das obras de urbanización que deben executarse para cumprir coas esixencias urbanísticas que resulten de aplicación e o custo económico das mesmas, podendo esixir ao adxudicatario as condicións e garantías que se estimen procedentes. Asemade, poderanse rexeitar aquelas solicitudes de compra nas que os custos de urbanización impliquen unha carga económica para a Xestur que desaconsellen a operación dende o punto de vista económico-financeiro.

Para o caso de que dous ou máis colindantes solicitaran simultaneamente a mesma parcela, terá preferencia aquel que leve máis tempo con actividade implantada sobre a parcela da que é titular.

- g)** Parcelas que foran obxecto de concesión dun dereito de adquisición preferente convencional en favor dos donos de parcelas de solo empresarial lindantes con parcelas de propriedade de Xestur, S.A., de conformidade co previsto no apartado 7.2.2 das presentes bases.

7.2.1.- PROXECTOS EMPRESARIAIS SINGULARES

7.2.1.1.- De conformidade co previsto no art. 15.1 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de implantación de iniciativas empresariais en Galicia, enténdense por proxectos empresariais singulares aqueles que xustifiquen a especial importancia que a súa actividade ou localización

supoñen para a política económica ou o equilibrio territorial da Comunidade Autónoma, estean vinculados a un sector de actividade de especial relevancia ou interese no ámbito da área empresarial do que se trate ou da súa área de influencia ou acrediten especiais necesidades de solo da empresa pola actividade que se vai desenvolver. Os proxectos empresariais singulares poderán comprender ámbitos de solo empresarial urbanizado, pendente de urbanizar ou ambos tipos.

7.2.1.2.- Poderase reservar solo empresarial para ser destinado a proxectos empresariais singulares antes ou durante as obras de urbanización e antes da inscrición no Rexistro da Propiedade da división material do parque, cando así se xustifique polas características especiais que debe reunir a parcela para desenvolver a actividade empresarial de que se trate. Excepcionalmente, poderá facerse con posterioridade sempre que a declaración de proxecto singular non implique a necesidade dunha modificación substancial da urbanización, ou ben, para o caso de implicar unha modificación substancial, que o adxudicatario preste as garantías que lle sexan esixidas polo Órgano de Dirección de Xestur, S.A., en atención as circunstancias do caso, ou ben que esta modificación sexa asumida polo solicitante.

7.2.1.3.- De conformidade co establecido no art. 15.5 da Lei 5/2017, a reserva de parcelas para proxectos empresariais singulares terá que ser **garantida**, na forma e prazo que se indique na declaración de proxecto empresarial singular, mediante **depósito** de, polo menos, un **10% do prezo estimado da parcela**, excepto que a declaración do proxecto singular implique modificación da ordenación urbanística ou do proxecto de urbanización do polígono, en cuxo caso o depósito en concepto de garantía será fixado polo Órgano de Dirección de Xestur, S.A. en función do custo das operacións antes indicadas, sen que sexa inferior ao **25% do prezo estimado da parcela**. Esta mesma garantía do 25% do prezo estimado da parcela, como mínimo, aplicárase tamén cando sexa necesaria a realización obras de urbanización, a implantación ou mellora de infraestruturas ou servizos, ou outros gastos extraordinarios. Este importe será devolto no momento do outorgamento da escritura pública de venda. Para o caso de que o solicitante desistira ou non comparecese ao outorgamento da escritura pública de venda cando fose convocado para elo, perderá a fianza depositada.

7.2.1.4.- Nas solicitudes de declaración de proxectos empresariais singulares sobre as parcelas do Parque Empresarial de A Sionlla (Santiago de Compostela), considerarase especialmente como criterio para a declaración de proxecto empresarial singular a aqueles proxectos empresariais que inclúan actividades relacionadas co desenvolvemento de actividades innovadoras e tecnolóxicas vinculadas ao sector da rehabilitación edificatoria e construción sostible e da biotecnoloxía.

Asemade, nas solicitudes de proxecto empresariais singulares sobre as parcelas do Parque Empresarial de Mos (Pontevedra), considerarase especialmente como criterio de preferencia para a declaración antes referida a aqueles proxectos empresariais que inclúan o desenvolvemento de actividades relacionadas o sector da automoción.

Tamén se considerarán como criterio prioritario e preferente para a declaración de proxectos empresariais singulares aqueles que inclúan o desenvolvemento das actividades que se indican a continuación e nos parques empresariais que se relacionan:

- Aqueles proxectos empresariais que inclúan o desenvolvemento de actividades de especial vinculación coa agricultura, gandería, o sector do mar ou outras actividades do sector primario, para a súa localización nos Parques Empresariais de CEDEIRA, ORTIGUEIRA, BOIRO, NEGREIRA, MELIDE, ARZÚA, BARREIROS, CERVO, GUITIRIZ, FOZ, MUIENTA, VIVEIRO, XINZO DE LIMIA, VILAMARÍN, SILLEDA, ARBO 2ª FASE.
- Aqueles proxectos empresariais vinculados ao sector do transporte para a súa localización na CT OURENSE (San Cibrao das Viñas).

A vinculación dos proxectos empresariais ás actividades ás que antes se fixo referencia, como criterio para a declaración de proxecto empresarial singular, entenderase referida á actividade principal de calquera dos sectores produtivos antes mencionados, sen que se consideran como criterio para a precitada declaración, a vinculación do proxecto empresarial a outras actividades accesorias á principal.

7.2.1.5.- Cando o solicitante pretenda que o proxecto a implantar nas parcelas solicitadas sexa cualificado como "proxecto empresarial singular", ademais da presentación da documentación esixida con carácter xeral no apartado II.1 destas bases, deberá especificar na súa solicitude que o proxecto presentado sexa cualificado como "proxecto empresarial singular", xustificando adecuadamente a concorrencia no proxecto presentado dalgunha ou algunhas das seguintes circunstancias:

- A especial importancia que a actividade prevista no proxecto ou a localización do mesmo supón para a política económica ou o equilibrio territorial da Comunidade Autónoma.
- A vinculación a un sector de actividade de especial relevancia ou interese no ámbito da área empresarial do que se trate ou da súa área de influencia.
- As especiais necesidades de solo da empresa pola actividade que vai desenvolver.
- A concorrencia, de selo caso, dun criterio de preferencia ou prioridade para a declaración de "proxecto empresarial singular" no parque no que se solicita a parcela, en razón da actividade obxecto do proxecto empresarial, de conformidade co previsto no apartado 7.2.1.4 anterior.

Asemade, o solicitante poderá especificar calquera outra circunstancia que, ao seu xuízo, lle confira ao proxecto a implantar a condición de "proxecto empresarial singular".

7.2.1.6.- O adquirente deberá manter a actividade prevista no "proxecto empresarial singular" durante o prazo de **DEZ ANOS**, como mínimo. Non obstante, o Órgano de Dirección de Xestur poderá elevar este prazo en función das circunstancias concorrentes no proxecto empresarial para o que se adxudica a parcela, tendo en conta especialmente o prezo da parcela e a contía da bonificación aplicada ao mesmo, as axudas públicas concedidas para o proxecto empresarial, a superficie adxudicada e a dispoñibilidade de parcelas para a venda no parque empresarial de que se trate, así como outras circunstancias que considere xustificadas para esixir ao adxudicatario un maior prazo de mantemento da actividade.

7.2.1.7.- Nas escrituras de compravenda especificarase que a parcela foi adxudicada para a implantación dun proxecto empresarial singular, especificando as obrigas e condicións ás que queda suxeito o adquirente, e os prazos nos que debe manter a vinculación da actividade prevista no proxecto empresarial, así como as garantías para asegurar o cumprimento das citadas obrigas.

7.2.1.8.- De conformidade co establecido no art. 15.3 da Lei 5/2017, corresponde ao Consello da Xunta de Galicia autorizar a declaración e adxudicación de proxectos empresariais singulares pola sociedade Xestión do Solo de Galicia - Xestur, S.A. cando o valor dos terreos supere o importe previsto na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para os expedientes de contratación que deban ser autorizados polo Consello da Xunta. Tanto neste caso, logo da autorización do Consello da Xunta, como no resto dos supostos de importes inferiores aos sinalados anteriormente, a declaración e adxudicación corresponde ao órgano competente de Xestur, S.A.

A declaración dun "proxecto empresarial singular" habilita para a adxudicación directa de solo.

7.2.1.9.- Para os efectos do previsto no texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo decreto legisla-

tivo 1/2015, do 12 de febreiro, ou norma que o substitúa, poderán ser considerados proxectos industriais estratéxicos aquelas propostas de investimento para a implantación ou a ampliación dunha ou de varias instalacións industriais que teñan como resultado previsible unha expansión significativa do tecido industrial galego ou a consolidación deste, sempre que supoñan un volume de investimento mínimo de vinte millóns de euros, supoñan un nivel de mantemento e creación de emprego superior a cen postos de traballo directos ou impliquen unha especial necesidade de solo pola actividade que se vai desenvolver que non poida ser atendida coa oferta existente.

7.2.2.- DEREITO DE ADQUISICIÓN PREFERENTE CONVENCIONAL A FAVOR DOS DONOS DE PARCELAS DE SOLO EMPRESARIAL LINDEIRAS CON PARCELAS PROPIEDAD DE XESTUR

Os donos de parcelas de solo empresarial lindeiras con parcelas propiedade de Xestur, S.A., poderán solicitar a dita entidade a formalización dun dereito de adquisición preferente ao seu favor sobre as parcelas propiedade de Xestur, S.A. que lindan coa súa, podendo estender este dereito ás parcelas estremeiras a estas, sempre que non superen a superficie da parcela que ten en propiedade e que a oferta de adquisición por parte dun terceiro sexa sobre a mesma superficie de parcela sobre a que ten o dereito de adquisición preferente e non sobre unha maior.

Este dereito de preferencia non poderá ter unha duración superior a **1 ano**, prorrogable expresamente por mutuo acordo das partes.

Para o caso de recoñecérselle ao petionario o dereito antes indicado, o seu titular poderá adquirir a/s parcela/as obxecto do mesmo con preferencia a outro solicitante e polo mesmo prezo ofertado por este. Xestur, S.A. virá obrigado a notificar ao titular do dereito mencionado a oferta efectuada por un terceiro e os termos da mesma, dándolle un prazo de 30 días naturais para exercer o devandito dereito de adquisición preferente. A formalización da escritura correspondente deberá efectuarse no prazo de 30 días máis, contados a partir da comunicación a Xestur, S.A. polo interesado de exercicio da preferencia.

Tamén poderá adquirir a parcela o titular do dereito de preferencia durante o prazo de vixencia do devandito dereito, sen necesidade de oferta dun terceiro, polo prezo fixado nas táboas de prezos de venda de Xestur, S.A. que estiveran vixentes ao tempo adquirir a parcela.

Se o titular da preferencia exercitara a mesma, quedará suxeito ás obrigas e condicións xerais aprobadas polo Consello de Administración de Xestur, S.A. para a venda de parcelas en parques empresariais da entidade.

A concesión do dereito de adquisición preferente corresponderalle ao Órgano de Dirección de Xestur, S.A., que terá en conta para o recoñecemento do mesmo, entre outras, as seguintes circunstancias:

- Que o solicitante teña cumprido as súas obrigas de edificar ou ter licenza de actividade na parcela lindeira adquirida no seu día a Xestur por este ou por un adquirente anterior.
- A dispoñibilidade de parcelas no parque empresarial de que se trate.
- Que non haxa outro solicitante da parcela que teña maior preferencia para adquirila. A estes efectos, considerarase que teñen maior preferencia que o titular deste dereito de adquisición preferente, os seguintes supostos de adxudicación directa contemplados nas bases de alleamento de Xestur, S.A.:
 - a) Adxudicacións directas de parcelas procedentes de compromisos recollidos en escritura pública no momento de compravenda de parcelas de fases ou polígonos anteriores que fosen necesarias para a expansión do adxudicatario destas.



b) Implantación dun proxecto empresarial singular.

Para o caso de que se adxudique a parcela a un solicitante que teña preferencia conforme ás regras anteriores, e previamente se houbera formalizado o documento de adquisición preferente a favor dun colindante, deberá devolverse a este as cantidades pagadas a Xestur, S.A. como prezo do devandito dereito de adquisición preferente, incrementadas co interese legal do diñeiro durante o tempo de duración do precitado dereito.

- Non se poderán conceder dereitos de adquisición preferente durante a tramitación dun concurso público de alleamento de parcelas.
- En todo caso, o Órgano de Dirección de Xestur, S.A. decidirá discrecionalmente sobre a solicitude de preferencia, tendo en conta para a concesión ou denegación da mesma, ademais das circunstancias anteriores, razóns de conveniencia ou oportunidade, dentro da propia estratexia da empresa, tanto no aspecto comercial como de xestión do parque de que se trate.

Para o caso de concederse o dereito de adquisición preferente, o beneficiario do mesmo deberá pagar a Xestur durante a súa vixencia unha cantidade anual equivalente ao 0,5% do prezo da parcela, sen ter en conta a posible bonificación do mesmo. Para o caso de adquirir a parcela descontarase a totalidade das cantidades pagadas. Se non se exercitase o dereito dentro do prazo pactado para elo, o titular do mesmo perderá a totalidade das cantidades pagadas en concepto de contraprestación pola constitución do dereito.

A adxudicación será comunicada por correo certificado ou burofax ós que resulten seleccionados, e publicarase na páxina web de Xestur, S.A.

7.3.- REGRAS ESPECIAIS DE ADXUDICACIÓN

7.3.1.- Regra especial para o caso de que concorran varias ofertas de compra sobre a mesma parcela que impliquen a segregación da mesma.

1º.- En caso de que as parcelas solicitadas, que implican a segregación da finca matriz, teñan a mesma superficie aplicaranse os criterios de preferencia previstos no apartado 7.1 anterior.

2º.- En caso de que as parcelas solicitadas, que implican a segregación da finca matriz, teñan distinta superficie:

- Terá preferencia a solicitude de maior superficie.

A adxudicación dunha parcela ou parcelas que impliquen segregación doutra será unha facultade discrecional do Órgano de Dirección de Xestur, S.A., que terá en conta no seu acordo os criterios previstos no último parágrafo do apartado I.1 das presentes bases. Ademais, para o caso de que os prezos de parcelas no parque de que se trate estean fixados en función do tamaño das parcelas, ou da ubicación das mesmas dentro do parque empresarial, o órgano de Dirección de Xestur, S.A., poderá fixar o prezo de venda da parcela segregada que se solicita tendo en conta os criterios antes citados. Neste caso, o prezo así fixado será notificado ao solicitante, podendo este desistir da súa solicitude sen perda da fianza depositada coa mesma. A fixación do prezo conforme ás regras antes indicadas, se non se variasen as demais condicións da venda, poderá ser acordada pola Comisión Executiva de Xestur, S.A.

En caso de segregación, os impostos, taxas, gastos notariais, rexistrais ou calquera outro gasto que cause a segregación serán a cargo do comprador. Entre estes gastos incluíranse, no seu caso, os afrontados por Xestur, S.A. para dotar á parcela segregada das acometidas e servizos correspondentes.

7.3.2.- Regra especial para o caso de que concorran sobre unha mesma parcela ofertas de compra con prezo bonificado e sen bonificar:

- Terá preferencia a oferta de compra sen prezo bonificado, ao contado ou con prazo aprazado, por esta orde.

8.- FORMA DE PAGO

8.1.- Se non fose necesario segregar a parcela: Só se admitirá pago ao contado, aboándose o 100% do prezo máis o IVE que corresponda no momento de outorgamento da escritura pública de compravenda que se outorgará no prazo máximo de TRES MESES a contar dende a notificación da adxudicación.

8.2.- Se fose necesario segregar a parcela: O 30% do prezo máis o IVE correspondente será aboado no prazo de 7 días a contar dende a notificación da adxudicación. O 70% restante máis o IVE correspondente, aboarase no momento do outorgamento da escritura de compravenda, que se formalizará no prazo máximo de UN MES dende que se notifique ao comprador a obtención da licenza de segregación. En caso de que este non acudise á formalización da escritura cando fose convocado para elo, considerarase desistido da adxudicación, perdendo a fianza depositada, así como unha parte do primeiro pago do 30%, na cantidade equivalente aos gastos, taxas e impostos que houbera ocasionado a segregación a Xestur, S.A.

Os pagos, deberán efectuarse por medio de cheque bancario ou ingreso, na conta bancaria de Xestur, S.A. indicada no apartado II.4 (Fianza).

8.3.- Nos casos de venta con prezo sen bonificar e pago aprazado do mesmo ou ao contado, aplicaranse a forma de pago prevista no apartado II.2.4 do presente prego de bases.

Todo elo, sen prexuízo das prórrogas para formalizar a escritura de compravenda e efectuar o pago do prezo, previstas no apartado II.4 destas bases, a causa da crise sanitaria derivada da COVID 19 ou doutras circunstancias excepcionais.

9.- OBRIGAS DAS PERSOAS ADXUDICATARIAS E GARANTIAS PARA O SEU CUMPRIMENTO (Incluíranse na escritura de compravenda)

A) OBRIGAS DO COMPRADOR

1. Obrigas de edificar, implantar actividade e destinar a parcela á actividade proxectada:

a) Obriga de edificar e implantar actividade:

- O adquirente obrígase a concluír a edificación proxectada na parcela adquirida e a obter a habilitación correspondente para a primeira actividade no prazo de **3 anos**, a contar dende a data de formalización da compravenda, extremo este que acreditará, sen necesidade de resolución expresa de Xestión do Solo de Galicia -Xestur, S.A., mediante a presentación de copia do certificado final de obra ou da escritura de declaración de obra nova, así como comunicación previa de inicio de actividade ou documento habilitante que substitúa á mesma de conformidade coa normativa que resulte de aplicación.

- O prazo antes indicado para concluír a edificación e obter título habilitante para o exercicio da actividade poderá ser prorrogado por causas debidamente xustificadas en



especial, cando se acredite a incidencia da pandemia derivada da COVID 19 no cumprimento destas obrigas.

Este prazo non será prorrogable no caso de transmisión ou alleamento da parcela, por causa unicamente da devandita transmisión, computándose o referido prazo dende a data de formalización da escritura de compra a Xestión do Solo de Galicia – Xestur, S.A.

- Non obstante, o prazo antes referido poderá modificarse total ou parcialmente polo órgano de Dirección de Xestión do Solo de Galicia – Xestur, S.A. sempre que o adquirente xustifique suficientemente, na súa proposta, e a xuízo do devandito órgano, a súa necesidade de construír ou completar a edificación en diversas fases, por requirilo así a súa propia estratexia empresarial ou por outros motivos suficientemente fundamentados, que serán apreciados discrecionalmente polo órgano antes citado.

- Con carácter excepcional, e en casos debidamente xustificadas, o adquirente poderá ser dispensado por Xestur, S.A. da obriga de edificar, só en aqueles casos en que xustifique que a actividade principal para a que se solicita a parcela non require edificación e, ademais, polas características da devandita actividade, esta adoite desenvolverse en campa ao aire libre. Asemade, será necesario que as ordenanzas do parque empresarial e a normativa sectorial que resulte de aplicación permitan o desenvolvemento da actividade proxectada sen necesidade de edificación. Esta dispensa de construír deberá ser solicitada no momento da presentación da solicitude de adxudicación e só será efectiva cando sexa concedida expresamente por Xestur, S.A. O Órgano de Dirección de Xestur, S.A. poderá condicionar esta dispensa da obriga de edificar ao cumprimento de determinados requisitos por parte do solicitante, en función das circunstancias que concorran no caso concreto, coa finalidade de asegurar a implantación de actividade na parcela.

Para o caso de que a solicitude dispensa da obriga de edificar recaia sobre unha parcela na que o solicitante pretende desenvolver unha actividade complementaria doutra principal implantada noutra parcela propiedade daquel no mesmo parque empresarial, deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- Como norma xeral, a parcela solicitada deberá ser lindante coa parcela da que é titular o petionario, e nesta última deben terse cumpridas as obrigas de edificar e/ou implantar actividade conforme ao previsto na escritura de compravenda. O adquirente da parcela solicitada, respecto da que pretende a exención da obriga de edificar, deberá agrupar ambas parcelas na mesma escritura de compra da parcela solicitada, comprometéndose a non segregalas mentres estea vixente a obriga de manter a actividade. Esta obriga de non segregalas quedará garantida cunha cláusula penal equivalente á cantidade bonificada no prezo da última parcela adquirida. Para o caso de que as obrigas do adquirente sexan diferentes en ambas parcelas, a parcela agrupada quedará suxeita ás condicións de venda da última parcela adquirida.
- Con carácter excepcional, e en atención as circunstancias concurrentes, poderase adxudicar unha parcela con dispensa da obriga de edificar, para o desenvolvemento dunha actividade complementaria nunha parcela que non sexa lindante con outra propiedade do solicitante, sempre que non haxa parcelas lindantes dispoñibles e que o petionario acredite suficientemente a necesidade da parcela solicitada para o desenvolvemento da actividade complementaria antes citada. Neste caso, o comprador quedará obrigado a manter a actividade complementaria para a que se solicita a parcela durante o prazo mínimo de 10 anos, contados a partir da data da escritura de compra da última parcela adquirida.



- En todo caso, o solicitante deberá acreditar suficientemente o carácter complementario da actividade que pretende implantar na parcela para a que solicita a exención da obriga de edificar, así como a súa relación coa actividade principal e a necesidade desta actividade complementaria para a expansión do seu negocio, de conformidade coa súa estratexia empresarial.

- O adquirente deberá xustificar, cando sexa requirido para elo por Xestur, S.A, a efectividade ou firmeza da licenza ou do título habilitante do que se trate, sen que baste a mera presentación ante Xestur, S.A. da comunicación previa de inicio de actividade. Asemade, o adquirente deberá desenvolver efectivamente na parcela a actividade obxecto do título habilitante da mesma, salvo imposibilidade acreditada.

b) Obriga de destinar a parcela á actividade prevista na adxudicación e mantemento da devandita actividade durante un período de tempo:

O adquirente obrígase a destinar a parcela á actividade prevista na adxudicación, e a manter a mesma durante un prazo mínimo de **DEZ ANOS** dende a data de inicio da actividade, salvo imposibilidade acreditada. Non obstante, Xestur, S.A. poderá autorizar, en casos debidamente xustificados, o cambio de actividade antes de finalizar o prazo antes indicado.

c) Segregación, división e alleamento da parcela/s adquirida/s

Para o caso de que a parcela adxudicada sexa susceptible de división conforme ás ordenanzas do parque empresarial, o adquirente obrígase a non efectuar operacións de división ou segregación naquela coa finalidade de allear as parcelas resultantes da división ou segregación, mentres non teña cumprido as obrigas previstas nesta escritura relativas a obriga de edificar e implantar actividade, e teñan transcorrido os prazos nos que debe manter a actividade prevista na súa solicitude. A mesma regra será de aplicación si foran varias parcelas adxudicadas para a implantación da actividade proxectada como un único proxecto empresarial, quedando, por tanto, as devanditas parcelas vinculadas á actividade que motivou a adxudicación, obrigándose o adxudicatario a non allealas separadamente antes de ter cumprido as obrigas previstas nesta apartado A.1.

d) Natureza e cumprimento das obrigas previstas neste apartado A.1

As obrigas previstas neste apartado A.1 considéranse obrigas esenciais do adquirente, por estar as parcelas do parque empresarial destinadas a servir para o uso previsto nas ordenanzas correspondentes e na solicitude do adxudicatario, de tal xeito que o incumprimento destas obrigas, poderá ser considerado, no seu caso, como causa de resolución da compravenda, de conformidade co establecido no artigo 1.124 do Código Civil.

Ademais, en caso de incumprimento de calquera destas obrigas Xestur poderá exercer, indistintamente, calquera das garantías previstas no apartado B) seguinte.

As obrigas antes citadas consideraranse cumpridas unha vez que o adquirente acredite o seu cumprimento ante Xestur, S.A., en cuxo caso esta entidade obrígase a cancelar as garantías pactadas para asegurar o cumprimento daquelas.

2. Gastos notariais, rexistrais e impostos

Serán de cargo do adquirente tódolos gastos notariais e rexistrais derivados do outorgamento da escritura de compravenda, así como tódolos impostos, arbitrios, tributos de calquera natureza, e calquera outros conceptos análogos, que deriven da compravenda, calquera que sexa o suxeito pasivo. Serán, igualmente, de cargo do adquirente tódolos gastos notariais, rexistrais e fiscais que deriven da constitución e cancelación da condi-

ción resolutoria, dos dereitos de tanteo e retracto ou dereito de adquisición preferente convencional establecidos na escritura de compravenda. O Imposto Municipal sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, nos casos en que sexa esixible, será de cargo do vendedor.

3. Servidumes en materia de enerxía eléctrica

O adquirente comprométese a respectar as servidumes legais establecidas respecto ó tendido da enerxía eléctrica que, no seu caso, afecta ás parcelas, gardando as distancias mínimas establecidas polas disposicións que regulan esta materia.

4. Redes de servizo

O adquirente comprométese a permitir o libre establecemento de redes de servizo na zona de recuamento que establezan as Ordenanzas Reguladoras do Parque, reforzando, se fose preciso, as zonas de entrada a fin de non prexudicar ditas redes.

5. Entidades urbanísticas de conservación

O adquirente comprométese a integrarse na Entidade Urbanística de Conservación que estea creada ou puidese crearse para a conservación do Parque, comprometéndose a satisfacer os gastos proporcionais que correspondan ás súas parcelas, de acordo co que estatutariamente se determine. A parte compradora faculta ó Concello ou a Xestión do Solo de Galicia – Xestur, S.A., segundo proceda, para redactar e aprobar os Estatutos ou Regulamento da Entidade de Conservación do parque, cuxa constitución sexa obrigatoria cando así o recolla o plan parcial ou instrumento de ordenación, fixando os coeficientes de conservación das parcelas e comprometéndose a satisfacer os gastos proporcionais de conservación que serán fixados polo Concello, a falta da entidade encargada da conservación.

6. Electrificación da parcela

O adquirente aceptará, expresamente, que a electrificación da parcela adquirida só comprende a infraestrutura fundamental, segundo o proxecto aprobado, que prevé para cada parcela unha potencia e tensión determinada. Todo o referente á ampliación da electrificación, así como á subministración da Enerxía Eléctrica, é materia allea á parte transmitente, Xestión do Solo de Galicia – Xestur, S.A., sendo cuestión a tratar unicamente entre a parte adquirente e a empresa subministradora da enerxía eléctrica. Na escritura de compravenda especificarase a potencia asignada a dita parcela de acordo co proxecto de electrificación.

7. Situación física e xurídico urbanística da parcela

O adquirente declara coñecer a situación física e xurídico-urbanística da parcela, así como as limitacións existentes en canto ás emisións de vertidos de materias contaminantes que establece o Instrumento de planeamento do Parque e a normativa vixente nesta materia, así como as obrigas derivadas de calquera outra normativa sectorial.

Asemade, o adquirente comprométese a somete-lo proxecto das obras, instalacións ou actividades que se vaian desenvolver na parcela adquirida á avaliación de impacto ambiental, se así fose esixible, así como ó cumprimento das demais obrigas medioambientais que esixe a lexislación vixente.

8. Urbanización interior e complementaria da parcela

O adquirente deberá realizar, ó seu cargo, a urbanización interior e complementaria da mesma, conforme ás condicións aprobadas no proxecto de urbanización.



Para o caso de que o adquirente da parcela fixese obras de desmonte ou recheo na mesma a causa da pendente do terreo, as mesmas serán sempre a conta do adquirente, sen que poida reclamar nada por esta causa á parte vendedora.

Igualmente, se como consecuencia de iso ou por outros motivos fose necesario construír un muro de contención, o adquirente tamén estará obrigado a construílo a súa costa e sobre o seu propio solo, sen que poida reclamar nada por esta causa á parte vendedora.

9. Condicións e servizos da parcela

A parcela entregarase coas condicións e servizos previstos no proxecto de urbanización. As instalacións ou equipos complementarios de calquera tipo, non previstos no Proxecto de Urbanización, serán de conta do comprador.

A parte vendedora non asume responsabilidade algunha polas incidencias que xurdan no subsolo da parcela, como consecuencia das escavacións que se realicen na mesma pola parte compradora, para edificar ou para adecuar a mesma ao uso ao que se destine. A parte compradora deberá realizar pola súa conta a urbanización interior e complementaria da parcela, de acordo coas condicións previstas no Proxecto de Urbanización e, de ser o caso, no seu proxecto técnico, sendo da súa conta as obras ou traballos que, de ser o caso, fora necesario realizar para adaptar a cimentación das obras que realice na parcela ás circunstancias do solo ou do subsolo.

10. Danos ocasionados polo adquirente nas zonas de uso público ou instalacións do parque empresarial

Para o caso de que a parte adquirente producise, por calquera causa que lle fose imputable, danos na rúa, redes de servizo, beirarrúas e demais instalacións do parque, esta comprometerase a aceptar a taxación dos mesmos por parte dos técnicos municipais, ou de Xestión do Solo de Galicia – Xestur, S.A., e a satisfacer o importe da reparación que estes fixen ó Organismo encargado do mantemento e coidado do parque ou, no seu defecto, ó Concello.

11. Obriga de comunicar a Xestur o alleamento da parcela

O adquirente obrigase a comunicar a Xestión do Solo de Galicia – Xestur, S.A. no caso de que allee a parcela, os datos identificativos do comprador ou adquirente e a subrogar a este nos dereitos e obrigas previstos no contrato de compravenda da parcela formalizado con Xestur, S.A. que estivesen vixentes no momento do alleamento.

12. Corpo certo:

A venda do presente inmovible realizase como corpo certo, por prezo alzado, con arranxo ó disposto no artigo 1.471 do Código Civil. En consecuencia, no haberá lugar a reclamación entre as partes por aumento ou diminución do prezo aínda que resulte maior ou menor cabida da expresada no contrato.

B) GARANTÍAS PARA O CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS DO COMPRADOR

O incumprimento polo comprador de calquera das obrigas establecidas na cláusula A).1 facultará a Xestur, S.A. para exercer, segundo proceda, e a súa elección, calquera das garantías que se establecen a continuación, sen que estas teñan carácter acumulativo:

- Condición resolutoria expresa
- Dereito de adquisición preferente convencional
- Cláusula penal

1.- Condición Resolutoria Expresa



O incumprimento polo comprador ou polos adquirentes posteriores das obrigas establecidas na cláusula A).1, facultará a Xestur, S.A. para dar por resolta a compravenda. A resolución da compravenda, que terá o carácter de condición resolutoria expresa estará suxeita ás seguintes condicións:

- i. A resolución contractual alcanzará ao total da compravenda, de forma que Xestur, S.A. se converterá no propietario tanto do solo transmitido como das construcións, edificacións e instalacións que, de selo caso, puideran existir sobre a parcela.
 - Para o caso de que as edificacións ou obras realizadas na parcela vendida constituísen gastos necesarios ou útiles para Xestur, S.A., a xuízo desta entidade, esta virá obrigada a reembolsar os mesmos ao comprador, sempre que este os xustifique mediante as correspondentes certificacións de obra.
 - Si as edificacións ou obras non reportasen ningunha utilidade a Xestur, S.A., esta poderá esixir ao adquirente a demolición das edificacións ou obras, deixando a parcela no seu estado primitivo ou orixinario. No caso de que o comprador non demolese o edificado e deixase a parcela no seu estado primitivo, unha vez requirido para elo por Xestur, S.A., esta poderá executar estas obrigas subsidiariamente, procedendo á demolición do construído e á restitución da parcela ao seu estado orixinario, a costa do comprador.
 - Considerarase que as edificacións ou obras realizadas na parcela vendida constitúen gastos útiles ou necesarios para Xestur, S.A., cando unha vez recuperada a parcela por esta entidade, a mesma fora vendida a un terceiro e este abonase a Xestur, S.A. algunha cantidade en concepto de prezo polas edificacións ou obras realizadas polo primeiro adquirente, en cuxo caso Xestur, S.A. abonará a este dita cantidade en concepto de gastos útiles e necesarios efectuados na parcela.
- ii. O rescate realizarase ao prezo ao que foi adxudicado, minorando o mesmo nun 25% en concepto de penalización por incumprimento e, deducindo do mesmo as cantidades endebedadas polo comprador, se as houbera, e o importe das cargas e gravames que se tiveran constituído. Se estas cargas e gravames excederan do prezo minorado, quedará obrigado o comprador ao abono da diferenza.
- iii. Xestur presentará á outra parte a liquidación correspondente, requiríndolle para que, no prazo máximo de 15 días hábiles, outorgue a correspondente escritura de devolución dos bens. Os gastos de outorgamento desta escritura e da súa inscrición rexistral, así como os impostos que se xeren, serán sufragados polo comprador.
- iv. En todo caso, as cantidades endebedadas polo comprador á propiedade devengarán os intereses que resulten de aplicar a Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dende o día en que Xestur, S.A. requira fehacemente ao adxudicatario o cumprimento de ditas obrigas e ata a recuperación dos bens.
- v. Esta garantía constitúese con carácter real e inscribible, cunha duración máxima de 10 anos, contados dende a data da escritura pública de compravenda da parcela, incluíndo as posibles prórrogas ou modificacións a que se fai referencia na Cláusula A).1, e sen perxuízo da cancelación daquela cando se cumpran os requisitos previstos para elo.

Xestur, S.A. prestará o seu consentimento para a cancelación da condición resolutoria cando considera cumpridas polo adquirente as obrigas que aquela garante. En particular, a obriga de edificar e de desenvolver actividade na parcela e de manter a mesma durante un prazo, consideraranse cumpridas cando o adquirente da parcela acredite os seguintes extremos:

- Respecto da terminación da edificación, cando esta sexa esixible: certificado final de obra ou copia da escritura de declaración de obra nova terminada.



- Respecto da habilitación para exercer na mesma a primeira actividade: comunicación previa do inicio da actividade ou documento que substitúa á mesma, de conformidade coa normativa que resulte de aplicación.
- Respecto do mantemento da actividade durante o prazo pactado, xustificación documental da mesma por calquera medio de proba que se estime suficiente por Xestur S.A.

No caso de parcelas vendidas sen prezo bonificado e con aprazamento do mesmo, o pago do prezo aprazado quedará garantido con condición resolutoria, á que se aplicarán as regras indicadas anteriormente, coas seguintes especialidades:

-Para o caso de impago do prezo no prazo previsto, Xestur, S.A. poderá resolver a compravenda. En caso de resolución por esta causa, Xestur,S.A. reterá o 20% do prezo abonado inicialmente polo comprador, en concepto de cláusula penal. Ademais, poderanse reclamar ao comprador as cantidades endebedadas por aquel a Xestur, se as houbera, e o importe das cargas e gravames que se tiveran constituído. Unha vez vencido o prazo para o pagamento do prezo aprazado, a cantidade adebedada polo comprador devengará intereses ao tipo do interés legal correspondente.

2.- Dereito de Adquisición Preferente Convencional

O comprador ou os adquirentes posteriores están obrigados a comunicar fehacientemente a Xestur, S.A., durante o prazo de 10 anos contados dende a data da escritura pública de compravenda da parcela, a transmisión por calquera título da parcela comprada, salvo nos casos de sucesión "mortis causa" ou transmisión mediante pacto sucesorio, notificando a decisión de transmitir, o prezo no seu caso, e demais condicións esenciais da transmisión. Xestur, S.A. poderá exercer o dereito de adquisición preferente no prazo de 30 días naturais a contar dende a notificación.

Non procederá o exercicio deste dereito de adquisición preferente nos casos de transmisión da parcela mediante sucesión *mortis causa* o por pacto sucesorio, nin nos supostos de que a transmisión sexa consecuencia de modificacións estruturais de sociedades mercantís (transformación, fusión, escisión, etc.) ou da aportación do inmovible a unha sociedade mercantil da que sexa partícipe o adxudicatario da parcela.

Cando non se tivese efectuado a notificación á que se refire o parágrafo anterior, ou se omitise na mesma calquera dos requisitos da transmisión, ou resultase, no seu caso, superior o prezo efectivo da compravenda, ou menos onerosas as súas restantes condicións esenciais, Xestur, S.A. poderá exercer o dereito de adquisición preferente fronte ao adquirente no prazo de 30 días naturais, a contar dende o seguinte á notificación de forma fehaciente das condicións nas que se realizou a transmisión, mediante entrega da escritura pública na que foi formalizada.

O exercicio dos dereitos de adquisición preferente realizarase polo prezo en foi vendida a parcela ao primeiro comprador, actualizado conforme ás variacións experimentadas polo índice de prezos ao consumo publicado polo Instituto Nacional de Estadística, ou concepto que o substitúa, por cada ano natural enteiro (12 meses contados de data a data) transcorrido dende a data da primeira escritura pública de compravenda.

Para o caso de que o adquirente pretenda vender a parcela por un prezo inferior a aquel en que foi vendida por Xestur, S.A. ao primeiro comprador, Xestur, S.A. poderá exercer o dereito de adquisición preferente por aquel e non por este.



No caso de parcelas vendidas sen prezo bonificado, o dereito de adquisición preferente exercitarase polo prezo en que foi vendida ao primeiro comprador.

Para o caso de que houbera edificacións ou obras realizadas na parcela vendida, Xestur poderá optar por algunha das seguintes alternativas:

- Para o caso de que as edificacións ou obras realizadas na parcela vendida constituísen gastos necesarios ou útiles para Xestur, S.A., a xuízo desta entidade, esta virá obrigada a reembolsar os mesmos ao comprador, sempre que este os xustifique mediante as correspondentes certificacións de obra.
- Si as edificacións ou obras non reportasen ningunha utilidade a Xestur, S.A., esta poderá esixir ao adquirente a demolición das edificacións ou obras, deixando a parcela no seu estado primitivo ou orixinario. No caso de que o comprador non demolese o edificio e deixase a parcela no seu estado primitivo, unha vez requirido para elo por Xestur, S.A., esta poderá executar estas obrigas subsidiariamente, procedendo á demolición do construído e á restitución da parcela ao seu estado orixinario, a costa do comprador.
- Considerarase que as edificacións ou obras realizadas na parcela vendida constitúen gastos útiles ou necesarios para Xestur, S.A., cando unha vez recuperada a parcela por esta entidade, a mesma fora vendida a un terceiro e este abonase a Xestur, S.A. algunha cantidade en concepto de prezo polas edificacións ou obras realizadas polo primeiro adquirente, en cuxo caso Xestur, S.A. abonará a este dita cantidade en concepto de gastos útiles e necesarios efectuados na parcela.

Este dereito de adquisición preferente constitúese con carácter real e inscribible, cunha duración máxima de 10 anos, contados dende a data da escritura pública de compravenda da parcela, coa finalidade de evitar a especulación con solo empresarial de promoción pública. Non obstante, este dereito quedará sen efecto e caducará cando o primeiro ou sucesivos adquirentes acrediten o cumprimento das obrigas que este dereito garante. En consecuencia, Xestur, S.A. non poderá exercitar este dereito unha vez que o primeiro ou sucesivos adquirentes acrediten ante aquela a terminación da edificación, a habilitación para exercer na mesma a primeira actividade e o mantemento desta durante o prazo pactado. Consideraranse acreditados estes extremos cando o adquirente presente a seguinte documentación:

- Respecto da terminación da edificación, cando esta sexa esixible: certificado final de obra ou copia da escritura de declaración de obra nova.
- Respecto da habilitación para exercer na mesma a primeira actividade: comunicación previa do inicio da actividade ou documento que substitúa á mesma, de conformidade coa normativa que resulte de aplicación. Non obstante, o adquirente deberá xustificar, cando sexa requirido por Xestur, S.A. para elo, a efectividade ou firmeza da licenza ou do título habilitante do que se trate, sen que baste a mera presentación ante Xestur, S.A. da comunicación previa de inicio de actividade. Asemade, Xestur, S.A. poderá comprobar si se exerce efectivamente a actividade autorizada na parcela, e denegar a autorización para a cancelación do dereito de adquisición preferente en caso contrario.
- Respecto do mantemento da actividade durante o prazo pactado, xustificación documental da mesma por calquera medio de proba que se estime suficiente por Xestur S.A.

Unha vez acreditados estes extremos Xestur, S.A. obrígase a prestar o seu consentimento para a cancelación do dereito de adquisición preferente no Rexistro da Propiedade.

3.- Cláusula Penal



O incumprimento polo comprador ou polos adquirentes posteriores das obrigas establecidas na cláusula A).1, dará dereito a Xestur, S.A. a esixir ao adquirente, unha indemnización nunha contía equivalente á cantidade bonificada sobre os prezos base que figuran no **ANEXO V** da acta do Consello de Administración de Xestur, S.A. de 11 de febreiro de 2022, en concepto de cláusula penal.

Para o caso de que o primeiro adquirente incumprise a obriga de subrogar ao adquirente posterior nos dereitos e obrigas previstos no contrato de compravenda que estivesen vixentes, responderá ante Xestur, S.A. da indemnización prevista na presente cláusula penal. Do mesmo xeito responderá o subrogado nos dereitos e obrigas do primeiro ou posteriores adquirentes que incumprise, a súa vez, a obriga de subrogar ao adquirente posterior.

A indemnización en concepto de cláusula penal á que antes se fixo referencia terá a seguinte contía, en función do parque empresarial no que estivese ubicada a parcela:

- Rebaixa do 50% sobre o prezo actual: Parques de Pereiro de Aguiar, Vilamarín, Ortigueira, Cedeira, Carballo, Cervo, As Gándaras, Viveiro e Arbo.
- Rebaixa do 30% sobre o prezo actual: Parques de Arzúa, Negreira, Boiro Silleda (excepto as parcelas 6 e 7a que será do 50%), Lalín, A Sionlla, A Reigosa, Mos e Morás-Arteixo.

Esta cláusula penal non será acumulativa ao exercicio da condición resolutoria ou do dereito de adquisición preferente de tal xeito que Xestur terá que optar polo exercicio dun dos referidos medios de garantía.

Non obstante, a execución desta cláusula penal non eximirá ao adquirente de cumprir a súas obrigas de edificar e implantar actividade na parcela, podendo Xestur, S.A. esixir a aquel, conxuntamente, a satisfacción da pena antes indicada e o cumprimento das obrigas ás que se fixo referencia, de conformidade co previsto no artigo 1.153 do Código Civil.

As anteriores garantías veñen motivadas pola necesidade de establecer medidas disuasorias para as compras que persigan un obxectivo especulativo, dado que se trata dun solo empresarial de promoción pública, que se está a poñer no mercado a prezos moi axustados, co fin de facilitar a implantación de empresas.

Aos compradores sen prezo bonificado non lles será de aplicación esta cláusula penal. Para o caso de que os devanditos compradores incumprisen a obriga de subrogar ao adquirente posterior nos dereitos e obrigas previstos no contrato de compravenda que estivesen vixentes, estarán obrigados a indemnizar a Xestur cunha cantidade equivalente ao **10%** do prezo en que foi adquirida a parcela a Xestur, S.A.

4.- Posposición da Condición Resolutoria e do Dereito de Adquisición Preferente

Xestur, S.A. obrígase a prestar o seu consentimento para a posposición da condición resolutoria ou do dereito de adquisición preferente a que se fai referencia nos apartados B).1 e B).2 anteriores a favor das hipotecas que garantan créditos ou préstamos concedidos por entidades financeiras con destino ao financiamento das obras de construción ou instalación na parcela. Os gastos e impostos que ocasione a prestación do consentimento para a posposición e a súa inscrición serán de cargo do adquirente. O Órgano de Dirección de Xestur, S.A., á vista das circunstancias concorrentes, poderá autorizar a prestación do consentimento para a posposición antes indicada cando o préstamo sexa concedido por persoa ou entidade que non teña a condición de entidade financeira.



5.- Cancelación da Condición Resolutoria e do Dereito de Adquisición Preferente

Unha vez cumpridas as obrigas asumidas polo adquirente na cláusula A).1, e previa acreditación desta circunstancia por este, na forma indicada nos apartados B).1 e B).2, Xestur obrigase a prestar o seu consentimento para a cancelación da condición resolutoria e do dereito de adquisición preferente. Os gastos e impostos que ocasione a prestación deste consentimento e a súa inscrición serán de conta do adquirente.

III.- ADXUDICACIÓN DE DEREITO DE SUPERFICIE SOBRE AS PARCELAS OBXECTO DA PRESENTE OFERTA PÚBLICA ALLEAMENTO

As parcelas que integran a presente oferta pública de alleamento poderán ser obxecto de constitución de dereito de superficie **conforme ao previsto nas bases que regulan a constitución deste dereito** en parcelas propiedade de Xestur, publicadas na páxina web da sociedade. **No caso de concorrer sobre unha mesma parcela solicitude de compra e solicitude para constituír o dereito de superficie terá sempre preferencia e en todo caso a compra.**

IV.- INTRODUCCIÓN DE MODIFICACIÓNS E ADAPTACIÓNS NOS CADROS DE PARCELAS OBXECTO DE ALLEAMENTO

A Comisión Executiva Permanente de Xestur, S.A. poderá introducir as variacións que procedan nos cadros de parcelas obxecto de alleamento, a fin de excluír do mesmo aqueles parcelas que foron obxecto de adxudicación, e de efectuar as adaptacións oportunas nos casos en que se teñan producido segregacións ou agrupacións de parcelas, quedando facultada, igualmente para fixar os prezos das parcelas resultantes da segregación, tendo en conta os criterios xerais de fixación de prezos aprobados polo Consello de Administración. Asemade, a Comisión Executiva poderá excluír do cadro antes mencionado aquelas parcelas que por circunstancias sobrevidas (físicas, xurídicas, urbanísticas, administrativas, etc.) non poidan ser obxecto de venda ou constitución de dereito de superficie. Tamén poderá incluír no cadro de vendas aquelas parcelas que quedaran dispoñibles por algunha causa e que deban ser obxecto de adxudicación directa ou de concurso, efectuando a oferta pública das mesmas polo procedemento que corresponda, sempre que poida fixarse o prezo das mesmas con arreglo aos criterios establecidos polo Consello para a fixación de prezos no parque de que se trate. Estas variacións serán oportunamente publicadas na páxina web de Xestur, S.A.

Documento asinado electrónicamente na data que figura na firma dixital.

Asdo. María Doporto Santos
Xerente

Dilixencia: Para facer constar que as presentes bases de alleamento foron aprobadas polo Consello de Administración de Xestión do Solo de Galicia - Xestur, S.A. na súa sesión de 11.02.2022, e publicadas na páxina web da sociedade en data 03.10.2022, surtindo efectos a partir do día seguinte a esta última data, podendo presentarse ofertas a partir das 09:00 horas do día 04.10.2022, e ata o 30.11.22 ás 14:00 horas, de conformidade co acordado pola Comisión Executiva de Xestur, S.A. en data 27.09.2022.

Documento asinado electrónicamente na data que figura na firma dixital.

O Secretario do Consello de Administración
Ángel Rodríguez González